

DRBL + Clonezilla en USB

Sumario

- 1 Introducción
- 2 Características
- 3 Creación USB
 - ◆ 3.1 Dende sistema operativo Windows
 - ◆ 3.2 Dende sistema operativo Linux
- 4 Inicio dende o USB nun equipo

Introdución

Clonezilla é un software libre de recuperación ante desastres, serve para a clonación de discos e particións. Clonezilla está deseñado por Steven Shaiu e desenrolado polo NCHC Labs de Taiwán. Clonezilla ofrece soporte multicast similar a Norton Ghost Corporate Edition.

A versión DRBL+Clonezilla permítenos facer dous tipos de operación: facer unha imaxe ou restaurar un equipo individual, empregando o **Clonezilla live**, ou restaurar moitos equipos dunha soa vez empregando o **Clonezilla Server**.

Clonezilla fai a imaxe e restaura só bloques usados no disco. Isto incrementa a eficiencia no clonado.

Enlaces:

- ◇ [Clonezilla Live](#).
- ◇ [DRBL + Clonezilla](#).

Características

- Licencia GPL.
- Sistemas de arquivos soportados:
 - ext2, ext3, ext4, reiserfs, reiser4, xfs, jfs of GNU/Linux
 - FAT, NTFS de MS Windows
 - HFS+ de Mac OS
 - UFS de FreeBSD, NetBSD e OpenBSD
 - VMFS de VMWare ESX
 - Para sistemas de arquivos non soportados Clonezilla copia empregando o comando **dd**.
- Soporta Grub (versión 1 e versión 2).
- Soporte para modo desatendido.
- Clonezilla Server soporta **Multicast**, que permite unha clonación masiva.
- O arquivo imaxe pode estar nunha unidade local, nun servidor ssh, nun servidor samba ou nun servidor NFS.

Creación USB

Dende sistema operativo Windows

Para a creación do USB có que faremos a imaxe e logo restauraremos esa imaxe nun só equipo ou en moitos á vez, seguiremos os seguintes pasos:

1. Descargaremos a versión **zip** do **DRBL+Clonezilla**. Podes baixalo no seguinte [enlace](#), aí tes varias versións, intenta baixar a **estable** a non ser que non te vaia para o que estás facendo e intentes empregar a **testing**.
2. Faite cun USB de 1GB ou superior e formatea este no sistema de arquivos FAT32. Se non consigues formatealo coa ferramenta de Windows, podes facelo có software **HP USB Format Tool**.
3. Descomprime todo o contido do arquivo zip no *pen drive* previamente formateado en FAT 32. Fíxate que se descomprima o arquivo directamente na raíz do pen drive (e.g. G:\COPYING). Para que a descompresión sexa mais rápida, fai esta no escritorio do teu equipo e logo copia todo o descomprimido no interior do USB, é dicir, non fagas a descompresión directamente no USB.
4. Busca no interior do USB o arquivo **makeboot.bat** que se atopa no directorio **utils\win32**. Fíxate ben de executar o arquivo que se atope no interior do pen drive e non no escritorio ou así, pois podems modificar o arranque do noso equipo.
5. Segue as instrucións que aparecen na pantalla.

* [Manual de clonezilla.org](#)

Dende sistema operativo Linux

- [Manual de clonezilla.org](#).

Inicio dende o USB nun equipo

Para facer unha imaxe dun equipo, para restaurarlle a ese equipo unha imaxe ou para restaurar moitos por rede, debemos iniciar un PC dende o USB realizado no apartado anterior.

Para poder arrancar debemos modificar a secuencia de arranque do equipo escollendo o USB como ***first boot device***. Pode ocorrer que moitos equipos antigos non permitan o arranque dende USB, nese caso teremos que empregar un CD para traballar có Clonezilla. Para conseguir ese CD temos que descargar o arquivo .iso da web de descargas e queimalo nun CD virxe.